



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm.: RES/AYT/12843/2022 01/06/2022

Area / Unidade PERSONAL PE0000 MJIB	Documento 10816I05NZ	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/636	
051P 276P 4K0A 2948 0VX3	Data 12-05-2022	

Asunto: Autorización cobertura temporal, por comisión de servizos, do posto de xefatura de sección do Servizo de Educación.

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por parte do Servizo de Educación, se remite ao Servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de xefatura de sección do Servizo de Educación (nº ref. 1322).

Dita cobertura temporal de posto solicítase porque considerase imprescindible a súa cobertura para poder atender a carga de traballo existente na actualidade no Servizo de Educación.

Segundo.- Con data 24 de marzo de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo Servizo de Educación:

1. Xefatura de Sección de Educación nº 1322

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Educación	ED0000	Educación	Xef. Sección	1322	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reserváraselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Segunda.- A xefatura de Servizo de RR.HH. co conforme da Dirección de Economía, Facenda e Rexime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV das persoas presentadas e tendo en conta o informe da xefa de Servizo de Educación de data 28/04/2022 e código de verificación GR0N 5642 7004 0471 17GP , remite unha proposta de nomeamento de Dona M^a Dolores Pardo Pallas, en comisión de servizos, no posto de xefa de sección de Educación (nº ref. 1322).

Terceira.- Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de xefatura de sección de Educación, e con fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Educación, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona M^a Dolores Pardo Pallas, en comisión de servizos, ao posto de traballo de xefatura de sección de Educación (nº ref. 1322 na RPT).

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Educación	ED0000	Educación	Xef. Sección	1322	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

Quinta. O posto de orixe de Dona M^a Dolores Pardo Pallas, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Emprego e Emp.	PS2000	Prom. Econ. E Com.	T. Sup. Orient. P.	210	A1	22	AE	FR10

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 320, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Destinar a Dona M^a Dolores Pardo Pallas (NIF **8067***), en comisión de servizos, ao posto de xefa de sección de Educación (nº ref. 1322).



As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Educación	ED0000	Educación	Xef. Sección	1322	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, á Xefa de Servizo de Emprego e Empresa e á Xefa de Servizo de Educación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas